

----- I CONCURSO FOTOGRÁFICO POSICIÓN B -----

A Asociación Fotográfica dAs Pontes Posición B, de recente creación, e co motivo da conmemoración do centenario da Festa dA Fraga (1904-2004), organiza este primeiro concurso que leva o seu nome, tendo como tema esta vez, dita festa.

BASES:

TEMA

- Festa dA Fraga 2004, e todo o respectivo a ela; non serán válidas fotografías doutros anos.

PARTICIPANTES

- Poderán participar tódalas persoas do mundo.

TÉCNICA

- Poderase utilizar calquer técnica fotográfica. Non cabe a posibilidade de retoque ou composición posterior á toma da fotografía, non obstante será valido realizar axustes na imaxe, perspectiva, color, contraste... tanto analóxica, como dixitalmente.

ENTREGA

- Copias en papel 30x40 cm, dentro do cal, a imaxe pode estar noutro tamaño, posición e/ou proporcións.
- Os participantes poderán entregar ata 5 fotografías.
- As fotografías levarán por diante ou detrais o nome do autor e o número do 1 ao 5, según corresponda.
- A entrega farase dentro dun sobre pechado ou similar, no que irá unha fotocopia do DNI do autor e nesa mesma folla da fotocopia constará escrito: o número de fotografías, os títulos no caso de que os teñan, teléfono, e se é posible e-mail.
- O prazo de entrega rematará o xoves 30 de setembro de 2004.
- Os participantes farán a entrega na Biblioteca Municipal dAs Pontes, Praza de América s/n 15320 As Pontes. Teléfono: 981 452 417, ou enviala ao mesmo lugar por correo ou axencia indicando remite.

DEREITOS

- O concursante debe se-lo autor das fotografías enviadas ao concurso así como facerse responsable delo en calquer caso ou circunstancia que puidera surxir.
- As copias fotográficas entregadas non serán devoltas, pasarán a ser propiedade da Asociación Fotográfica dAs Pontes Posición B, podendo publicalas libremente citando sempre o nome do autor.

XURADO

- Estará composto por xente cualificada para elo, e por xente que coñeza a Festa dA Fraga.

PREMIOS

- As fotografías valoraránse individualmente, podendo un autor obter varios premios.
- Os premios serán tres, podendo resultar unha mesma fotografía premiada máis dunha vez:

- mellor fotografía	250 euros
- fotografía representativa dA Fraga	150 euros
- fotografía denuncia ou comportamento exemplar	150 euros

- O xurado podería declarar desertos un, varios ou todos os premios, se así o consideraran oportuno.
- A deliberación farase pública en setembro na web www.as-pontes.com así como na radio e tv locais, a data e lugar de entrega dos premios, tamén se fará pública entón.

A participación supón a aceptación destas bases, mais información: posicionb@hotmail.com